

AUTORIZACIÓN PARA O USO DE GOOGLE SUITE FOR EDUCATION

En agosto de 2019 chegamos a un acordo con Google para que o alumnado e as familias poidan utilizar a plataforma **G Suite for Education**, formada por unha ampla variedade de ferramentas gratuitas, entre as que destacan:

- **Classroom:** aula virtual na que o mestre/a pode crear tarefas (test de reforzo dos contidos traballados na clase) e compartir recursos (ligazóns a páxinas web, vídeos, imaxes, documentos, etc.). Tamén permite a comunicación co alumnado, pois pode compartir dúbidas e escribir comentarios nun taboleiro compartido co resto de membros.
- **Drive:** espazo na nube para organizar tarefas, gardar documentos e calquera tipo de arquivos das clases de forma segura. Dispón de almacenamento ilimitado e pódese acceder a él dende calquera dispositivo.
- **Docs/Slides/Sheets/Forms:** Posibilita a creación de documentos, follas de cálculo, presentación e formularios, que poden ser realizados de maneira colaborativa e compartidos en tempo real.
- **Calendar:** utilidade para crear calendarios individuais ou cun conxunto de membros da clase para non esquecer os acontecementos e datas máis importantes do curso.
- **Keep:** servizo para crear, modificar e compartir anotacións, listaxes, debuxos e colaborar na súa edición.
- **Google Chat:** servizo que permite a comunicación en tempo real só entre membros do colexio. Pódense manter conversacións de grupo ou entre dúas persoas mediante mensaxes de chat, chamadas de voz e videochamadas sinxelas (nestes dous últimos casos, a voz e imaxe do seu fillo/a estará presente nestas conexións).
- **Meet:** aplicación de videoconferencias para realizar clases online, reunión e compartir pantalla. Tamén dispón dun chat de conversa. Para unha completa experiencia de usuario é necesario permitir o uso da cámara e do micrófono no navegador web; de ser o caso, a voz e imaxe do seu fillo/a estará presente nestas conexións.

Para que o seu fillo/a poida empregar as ferramentas de G Suite necesita unha conta, que lle será proporcionada se cumprirenta o presente documento. O colexio resérvase o dereito para condicionar o despregamento das aplicacións segundo criterios pedagóxicos e a idade dos alumnos/as. Ademais, cando se lle active un servizo, tanto as familias como o alumnado terán á súa disposición sesións formativas ou recursos didácticos para que poidan empregarlo coa competencia suficiente.

PRÉGASE DEVOLVER ESTA FOLLA COMPLETA SEN RECORTAR

DATOS DO ALUMNO/A:

Nome e apelidos:

DATOS DA FAMILIA:

Nai/titora legal: DNI

Pai/titor legal: DNI

MANIFESTAN que coñecen, leron e comprenderon a Política de Uso de Contas do colexio (a cal pode ser modificada no futuro, previo aviso a través da páxina web do centro), as condicións do servizo e o aviso de privacidade de Google, dispoñibles en <https://www.colexiosanpiox.gal/gsuite>, e que:

SI, autorizamos que o noso fillo/a teña unha conta de G Suite, aceptando os termos legais establecidos no parágrafo anterior, e que será renovada de xeito automático cada ano académico ata que abandone o centro ou decidamos revogar dito permiso.

NON autorizamos que o noso fillo/a teña unha conta de G Suite.

....., de de

Sinatura da nai

Sinatura do pai

Información básica sobre protección de datos:

Tratamos a información que nos facilita con fins educativos e para cumprir coas obrigacións legais aplicables, sendo a base xurídica o seu consentimento. Os datos proporcionados serán eliminados nun prazo de 30 días unha vez finalice a relación do alumno co centro educativo. A información non será facilitada a terceiros, agás obrigación legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se en COOPERATIVA DE ENSINANZA SAN PÍO X estamos tratando o seus datos, así como a exercer os seus dereitos como interesado/a. Pode obter máis información dirixíndose a: COOPERATIVA DE ENSINANZA SAN PÍO X – CIF: F32152340 – Enderezo postal: Avenida de Zamora 98, 32005, Ourense (Ourense). Teléfono: 988221127 E-mail: cpr.sanpiox@edu.xunta.gal